

## O MINIFUNDIO SOSTIBLE COMO UN NOVO ESCENARIO PARA A ECONOMÍA GALEGA

CARLOS FERRÁS SEXTO / XOSÉ CARLOS MACÍA ARCE  
MARÍA YOLANDA GARCÍA VÁZQUEZ / FRANCISCO X. ARMAS QUINTÁ  
Grupo de Investigación Socio-Territorial (GIS-T)  
Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 16 de marzo de 2004

*Aceptado:* 9 de novembro de 2004

---

**Resumo:** Os obxectivos perseguidos a través da nosa investigación son, en primeiro lugar, poñer en evidencia os cambios sociais, económicos e culturais experimentados polo minifundio e pola explotación agraria familiar en Galicia e, en segundo lugar, tratar de definir en positivo o concepto de minifundio en relación coa agricultura familiar enmarcada na nova Política Agraria Común europea.

A área de estudo foi definida pola área de influencia da empresa cooperativa Feiraco que engloba a 10.000 pequenas explotacións agrarias familiares. Entrevistamos 325 explotacións a través dunha enquisa con 315 preguntas, en 27 municipios e en 115 parroquias galegas.

Podemos concluir que o minifundio pode chegar a ser sostible a partir da modernización e cualificación das explotacións agrarias familiares en réxime de cooperativa. É necesario definir un limiar de produtividade para o minifundio sostible que asegure a calidade de vida das familias rurais e conserve o seu estilo de vida e práctica cultural herdada vinculada ao policultivo e á economía multifuncional. O minifundio entendido como un sistema de agricultura familiar de pequenos propietarios debe ser concibido como un estilo de vida de características culturais propias que debemos respectar no contexto da uniformización cultural que promove a globalización.

**Palabras clave:** Minifundio sostible / Galicia / Economía / Cultura / PAC.

### **SUSTAINABLE SMALLHOLDING AS NEW SCENE FOR GALICIA ECONOMY**

**Abstract:** The objectives through way of our investigation are, firstly, to show evidence of social, economic and cultural changes felt by smallholdings and family-run farming in Galicia and, secondly, to attempt to define positive concepts of smallholdings in relation to family-run farming encompassed by the new European Community Farming Policy.

The area of study has been defined as an influential area of the Feiraco Co-operative Company. Feiraco takes in 10,000 small family-run farming businesses. We have interviewed 325 businesses through way of a 315 question survey in 27 Galician townships and 115 Galician parishes.

We can conclude that smallholdings can reach a sustainable level with modernisation and qualification as a family-run farming co-operative. It is necessary to define the productivity threshold for sustainable smallholdings in order to assure the quality of life for rural families so that they are able to maintain their lifestyle and continue their inherited culture. This smallholding is understood as a family-run farming system for small proprietors which must be undertaken as characteristics of a unique lifestyle which must be respected in the context of cultural uniformity that Globalisation is pushing.

**Keywords:** Sustainable smallholding / Galicia / Economy / Culture / PAC.


---

## 1. INTRODUCCIÓN

Ante a nova realidade socioeconómica e cultural dun novo mundo rural europeo globalizado que está xurdindo, preséntanse cambios positivos para as comunidades de estrutura agraria minifundista e para as pequenas explotacións familiares, pero tamén negativos. ¿Sobra poboación ocupada no sector agrario? ¿É o minifundio unha alternativa de vida de calidade para as familias rurais? ¿Como? Co traballo de investigación que estamos desenvolvendo pretendemos construír un novo modelo en positivo de minifundio que chegue a valorar de forma real as súas vantaxes e desvantaxes ante a conformación dunha sociedade rural posprodutivista e multifuncional. Nestas páxinas presentamos os resultados do estudo económico, social e cultural do minifundio familiar agrogandeiro levado a cabo na cooperativa Feiraco en Galicia. A investigación centrouse fundamentalmente na elaboración e análise dos resultados dunha ampla enquisa que tratou sobre as características sociais, económicas, tecnolóxicas e culturais das familias agrarias produtoras de leite localizadas na área de influencia da cooperativa Feiraco, é dicir, os concellos noroccidentais de Galicia (figura 1). Pretendemos elaborar un diagnóstico dos cambios e continuidades experimentados pola agricultura familiar agrogandeira no réxime de cooperativa en Galicia, sabedores de que as frías estatísticas oficiais de censos de explotacións esquecen sistematicamente a realidade sociocultural das persoas e familias que viven e traballan nas explotacións agrarias. Queremos poñer énfase na idea de que a agricultura familiar en Galicia é unha expresión cultural e unha forma de vida que transcende a mentalidade da agricultura capitalista industrial, que posúe características negativas pero tamén positivas.

Os antecedentes desta investigación son dous estudos monográficos realizados a finais dos anos setenta e comezos dos oitenta, que de forma especializada estudan o minifundio ou o cambio agrario no concello de Negreira e na comarca da Barcala (Escuela de Enseñanza Social de Galicia, 1982; Besançon e Chevassus, 1984). Nos dous casos, en maior ou menor medida, evidencian o cambio social e o proceso de transformación agraria na área de influencia da cooperativa Feiraco, na comarca da Barcala e en Negreira, a partir da concentración parcelaria pioneira en Galicia, da mecanización dos labores agrarios, da redución dos efectivos demográficos nas familias, do fluxo emigratorio cara a outras cidades e do incremento da calidade de vida en xeral. Observan, en ambos os casos, como moi positivo o desenvolvemento do espírito cooperativo entre as familias rurais que se reflectiu na creación de empresas comercializadoras como no caso de Feiraco. Así e todo, transcende reiteradamente unha fe case cega nas bondades modernizadoras dun modelo de agricultura netamente comercial e capitalista. Parece como se de xeito determinante a tradición agraria fose un sinónimo de “atraso” cultural, económico e social. Realmente deberían de interrogarse de se había algo que merecese a pena, é dicir, ¿había algo positivo que conservar no contexto modernizador?

**Figura 1.-** Concellos de Galicia con presenza de socios da cooperativa Feiraco



FONTE: Elaboración propia.

A defensa da agricultura industrial capitalista hoxe en día, en canto ao seu discurso modernizador e produtivista, está en crise. A denegación do sistema industrial levado ao medio rural creou “graves ineficiencias produtivas” como o mal das “vacas tolas”, e cada vez temos máis presente conceptos como o de ecoloxía, estilo de vida, multifuncionalidade, equilibrio home-medio, sustentabilidade, desenvolvemento social e cultural, cooperativismo agrario posprodutivo, etc., que implican unha nova definición do medio rural galego e do seu significado.

Para o período 2000-2006 a Comisión Europea propuxo a reforma da Política Agraria Común (Axenda 2000) e márcase como obxectivos evitar o despoboamento rural, conservar os hábitats seminaturais e manter hortas e cercados tradicionais. É neste contexto no cal debemos enmarcar a definición dun modelo de minifundio sostible que respecte o medio natural e as prácticas culturais herdadas.

Os datos que reflicten a nosa investigación deben facernos reflexionar sobre o novo mundo rural galego, sobre o concepto de minifundio e a súa histórica carga pexorativa, e sobre a necesidade de afrontar un proceso de cambio de mentalidade que valore a cultura e as formas de vida das comunidades rurais. Existe a necesidade de definir un “limiar de produtividade” que permita conservar e valorar a “cultura rural minifundista” e, ao mesmo tempo, asegure a calidade de vida das familias con dedicación agraria. O mundo rural en Galicia non pode camiñar inexorablemente cara á concentración parcelaria masiva e cara ao desenvolvemento agrario e industrial ilimitado. Non podemos substituír a práctica cultural minifundista pola implantación dun “latifundio inventado” alleo á realidade social, económica e cultural de Galicia. A pluriactividade das familias minifundistas galegas é unha práctica cultural herdada que debemos preservar.

Hoxe as explotacións familiares producen para o mercado pero seguen a mostrar insuficiencias e problemas serios. O minifundio, é dicir, a pequena explotación familiar, parece que no caso de Feiraco acadou un equilibrio entre estilo de vida, cultura e mercado; pero o excesivo parcelamento das leiras e predios, a pesar da concentración efectuada, segue sendo un elemento negativo que necesita ser eliminado. Debemos considerar que é posible concibir unha pequena explotación minifundista familiar concentrada en canto á estrutura da propiedade da terra, cunha dimensión suficiente para asegurar a viabilidade económica, a calidade de vida, a práctica cultural herdada e o respecto ao medio xeográfico natural no que se insire. É necesario fuxir do inmovilismo académico que segue observando o minifundio coma un feito inmutable que non evolucionou no campo galego, xa que hoxe en día en Galicia temos un minifundio distinto sobre o que se asenta unha agricultura multifuncional, familiar e inserida no mercado.

## **2. METODOLOXÍA**

A investigación consta dunha parte teórica e outra empírica. A parte teórica céntrase na análise da bibliografía especializada sobre o minifundio. Tratamos de presentar os antecedentes teóricos existentes que nos permitan ofrecer novas ideas acerca do minifundio e da explotación agraria familiar. A parte empírica céntrase no estudo de casos en Galicia, rexión cultural considerada como o paradigma do complexo agrario minifundista, e en concreto no estudo da cooperativa Feiraco e da súa área de influencia directa na comarca coruñesa do Val da Barcala.

Os obxectivos concretos perseguidos coa investigación proposta sintetízanse en dous puntos:

- 1) Poñer en evidencia os cambios sociais, económicos e culturais experimentados polo minifundio e a explotación agraria familiar no mundo globalizado.

- 2) Definir en positivo o concepto de minifundio en relación coa agricultura familiar.

As áreas de estudo foron definidas pola área de influencia da empresa cooperativa Feiraco, que engloba 10.000 pequenos produtores agrarios. O proceso de investigación iniciouse coa elaboración dunha pormenorizada enquisa a familias agrarias de perfil minifundista dedicadas á produción de leite. En todos os casos realizamos un traballo de campo directo a través de enquisas a produtores minifundistas, o que nos permitiu a análise comparativa, e no que estudamos a información no ámbito das familias acerca de:

- 1) Cualificación tecnolóxica.
- 2) Estrutura da explotación.
- 3) Economía e produtividade.
- 4) Estilo de vida. Organización do traballo da familia.
- 5) Benestar e vivenda.
- 6) Reprodución social, características demográficas.
- 7) Expectativas de futuro da familia. Mobilidade. Emigración.
- 8) Valoración das políticas agrarias que lles afecten.
- 9) Vida social e comunitaria. Lecer.
- 10) Sistemas de herdanza.

Os casos das cooperativas de pequenos produtores agrarios en Galicia son exemplos nítidos de viabilidade socioeconómica da agricultura familiar. O caso de Feiraco é realmente paradigmático polo éxito colleito por unha iniciativa cooperativista no medio rural. Feiraco comezou directamente na transformación e modernización agraria dunha extensa comarca rural galega. No ano 1970 o 80% da poboación activa da comarca da Barcala, área de influencia directa da cooperativa, ocupábase no sector primario practicando o minifundismo de subsistencia; no ano 1996 o 31% da dita poboación activa ocúpase no primario (Liñares, 1995). Os nosos obxectivos de investigación intentan poñer en evidencia as características e problemáticas das explotacións agrarias familiares vinculadas á cooperativa Feiraco. A través dun exhaustivo traballo de campo visitamos 325 explotacións agrarias familiares de 27 concellos e 115 parroquias, logrando abarcar a área de influencia directa de Feiraco, é dicir, as comarcas centro-occidentais da provincia da Coruña. As explotacións foron seleccionadas a través dun método estatístico sistemático-aleatorio entre o censo total de explotacións leiteiras da cooperativa Feiraco. A investigación xirou ao redor dunha enquisa con 315 preguntas, realizada entre cabezas de familia a pé de explotación en varias visitas sistemáticas levadas a cabo durante a primavera-verán do ano 2000. Un equipo de tres entrevistadores estiveron

recollendo información durante un período de 5 meses; posteriormente, deseñouse unha base de datos cunhas 90.000 entradas que foron tratadas estatisticamente a partir do programa SPSS.

O espazo rural que abrangue a área de estudo foi historicamente exemplo para o resto das comarcas agrarias galegas en canto aos procesos de concentración parcelaria e modernización tecnolóxica das explotacións (Liñares, 1998). Os concellos da comarca da Barcala foron pioneiros no contexto de Galicia. Hoxe en día as familias agrarias cooperativistas deste territorio gozan, segundo a súa propia percepción, dunha boa situación socioeconómica, identifícanse no medio no que viven e non teñen desexos de irse vivir á cidade. Con todo, como se pode comprobar nestas páxinas, tamén teñen problemas que poden hipotecar o seu futuro.

A partir dos datos e informacións obtidas intentamos reflectir a imaxe real do medio rural galego no marco dunha moi importante experiencia de traballo cooperativo. O lector debe de ser consciente que o agro galego, e en especial a área de influencia de Feiraco, experimentou profundos cambios nas últimas tres décadas, e todos eles xiraron ao redor da modernización campesiña e da transformación dunha agricultura de subsistencia en agricultura comercial. Desapareceron miles de explotacións de moi pequeno tamaño e as que se mantiveron medraron considerablemente asegurando o benestar e o nivel económico das familias agrarias produtoras. Neste proceso de transformación social, económica e cultural do medio rural deixaron as súas pegadas as políticas agrarias españolas e europeas. Así e todo, hoxe en día a realidade social e económica do medio rural galego é outra ben diferente.

### **3. O MINIFUNDIO NA LITERATURA ACADÉMICA**

En Galicia a literatura académica presentou tradicionalmente o minifundio e a súa realidade social e económica como un anacronismo que impedía e obstaculizaba a modernización agraria. O minifundio e a explotación familiar era entendida como unha pequena propiedade agraria incapaz de asegurar o sustento básico a todos os membros da unidade familiar e fonte de moitos dos males que lle acaían á sociedade galega. Ademais, o minifundio era a orixe dos preitos e litixios que, pola definición de lindes entre parcelas, eran demasiado frecuentes no medio rural galego (Villares e López Andión, 1974; López Iglesias, 1996; Varela Fraga, 2002). Estudos do medio rural como García Fernández (1975) incidían nas miserias sociais dos sistemas agrarios minifundistas, mentres outros autores como Beiras (1981), Bouhier (1979) e Fernández Prieto (1995) xa deixaban entrever unha certa interpretación positiva criticando a visión excesivamente economicista que se tiña do minifundio. O minifundio sen dúbida non encadraba ben na mentalidade propia da agricultura capitalista industrial. Por outra parte, unha investigación recente le-

vada a cabo na provincia da Coruña por López Garrido, Flores Calvete e Rivas Álvarez (2003) demostra, a partir dunha análise estatístico-empírica, que non existen diferenzas entre a eficiencia técnica das explotacións agrarias de leite en zonas de concentración parcelaria con aquelas zonas sen concentración parcelaria, o que abre interrogantes sobre a eficiencia socioeconómica dos custosos procesos de concentración parcelaria. López Iglesias, Sineiro e Valdês (2002) evidencian a viabilidade de boa parte das explotacións lácteas familiares galegas grazas aos ingresos por pensións de xubilación. Non obstante, non entran a cuantificar os ditos ingresos nin a valorar por que ocorre isto. Non se pode establecer unha relación causa-efecto entre as pensións de xubilación e a ineficacia produtiva da pequena explotación familiar sen valorar a cultura, mentalidades e inercias sociais herdadas.

Abel Bouhier (1979), xeógrafo francés, na súa tese de estado sostíña e defendía a necesidade dunha transformación progresiva das vellas estruturas rurais de Galicia tendo moi en conta a gran variedade de matices e as situacións existentes na súa xeografía. Por iso Bouhier non chegou a estudar no que el denomina “vello complexo agrario galego” os traballos de concentración parcelaria, as pegadas da urbanización ou o desenvolvemento da industrialización no agro, que desde os anos sesenta están transformando enormemente as paisaxes agrarias de Galicia. A visión de conservación e transformación progresiva do medio rural galego que promovía Bouhier nos anos sesenta nunca foi comprendida polos técnicos dos organismos oficiais, pero hoxe en día no contexto da Política Agraria Común europea adquire unha dimensión moi valiosa. A posta en valor do patrimonio rural para as prácticas do turismo cultural, verde e rural, o impulso da agricultura ecolóxica, da gandería extensiva e o calado social de concibir o agro como un lugar para vivir e producir en harmonía co medio ambiente entroncan no seu conxunto e moi directamente co pensamento de Bouhier.

Hoxe en día en Galicia o minifundio e a explotación agraria familiar pódense chegar a definir como un estilo de vida que, adaptado a un mundo rural posprodutivista e multifuncional, perde as súas connotacións negativas. Pódese chegar a afirmar que as preocupacións actuais de moitas comunidades rurais xa non son tanto de producir máis e máis barato, coa lóxica do capitalismo industrial, senón de producir o suficiente e de calidade. A nova Política Agraria Común europea fomenta a multifuncionalidade nos espazos rurais e concibe para eles novas territorialidades e actividades que permiten tamén novas posibilidades de vida para as comunidades locais (IDEGA, 2001). A agricultura ecolóxica beneficia a laboriosidade do minifundio e debemos ter en conta que os mercados para este tipo de agricultura, respectuosa co medio ambiente e polo tanto de natureza sostible, son mercados en continua expansión. A policultura é unha forma tradicional de agricultura ecolóxica na que os fertilizantes orgánicos, a intensidade da man de obra e a loita

natural fronte ás pragas e parasitos son os seus sinais de identidade fronte ao monocultivo industrial. Por outra parte, a contraurbanización contracultural impulsa un crecente poboamento en pequenas cidades, vilas e aldeas e a desaparición dos fluxos migratorios do agro cara á cidade, e isto xera unha diversificación funcional, económica e cultural que pode revertir en novas posibilidades de desenvolvemento para os espazos rurais menos desenvolvidos (Ferrás, 2000). O desenvolvemento local e/ou endógeno diversifica as actividades produtivas do agro potenciando os servizos e as manufacturas con actividades como o turismo ecolóxico ou rural. O cooperativismo empresarial fai rendible economicamente a suma dos esforzos individuais das pequenas explotacións familiares, e incluso a práctica do *hobby farming* atopa un bo lugar na reconversión do minifundio posprodutivista, pois nos dous casos non producen para o mercado. A pluriactividade dunha familia rural preséntase como unha vía para unir diferentes fontes de ingresos e incrementar as posibilidades económicas. En suma, o concepto de minifundio debería de formar parte dun novo paradigma interpretativo do agro e das áreas rurais no que estas sexan percibidas non só como lugares para producir senón tamén para vivir en harmonía co medio. É necesario estudar o minifundio desde un punto de vista cultural que complementa a visión excesivamente economicista imperante.

Na literatura académica internacional existen discursos cun gran soporte científico-empírico nos que se evidencia a viabilidade económica e o interese social e cultural da pequena propiedade, destacando, entre outros, Víctor Toledo (1993) e Peter Rosset (1990, 1998) que, desde postulados ecolóxicos, defenden unha relación cultural home-medio respectuosa co medio, e poñen en evidencia a falacia da necesidade da agricultura capitalista-industrial como garante da alimentación humana. Hoxe en día debemos entrar a valorar suficientemente a agricultura familiar desde visións analíticas plurais e complexas, pois a agricultura familiar non pode ser sinónimo de agricultura insuficiente desde un punto de vista simplemente economicista, e o concepto de agricultura a tempo parcial non pode ter unha carga pexorativa asociada á súa inviabilidade económica (Etxezarreta, 1985).

#### **4. MINIFUNDIO E COOPERATIVISMO. O CASO DE FEIRACO**

A cooperativa agrogandeira Feiraco foi fundada en 1969 na vila de Negreira, comarca da Barcala, na provincia da Coruña. Hoxe en día conta cunha afiliación dunhas 10.000 familias socias cooperativistas e as súas actividades afectan a unhas 35.000 persoas da comarca da Barcala e dos concellos noroccidentais de Galicia. Feiraco conta cuns recursos propios que superan os 10 millóns de euros e factura anualmente máis de 62 millóns de euros, dando emprego directo industrial a 250 persoas.

Feiraco exerceu de motor de cambio que impulsou a evolución agrogandeira de miles de familias rurais. Correspondeulle á cooperativa o fomento da substitución da economía agraria tradicional de autoconsumo pola de mercado, e a práctica dominante do policultivo de subsistencia polo predominio do cultivo forraxeiro, sen que iso chegara a coartar a produción familiar agraria para o autoconsumo en virtude da selección de sementes e a mellora dos sistemas de explotación. Feiraco podería considerarse un exemplo de viabilidade de mercado da empresa social comunitaria para o fomento e o desenvolvemento rural en Galicia. Os esforzos conxuntos de miles de familias agrarias produtoras de leite levaron adiante unha empresa de éxito que hoxe en día compite no mercado español e portugués con empresas multinacionais do sector con grandes recursos económicos e tecnolóxicos. Feiraco como cooperativa presta servizos diversos ás familias rurais e promove a súa cualificación, ademais de orientar as súas respectivas producións cara ao mercado.

#### 4.1. CARACTERIZACIÓN DAS FAMILIAS COOPERATIVISTAS

A caracterización social, económica e cultural das familias agrarias cooperativistas foi realizada a partir do procesado estatístico computerizado duns 90.000 datos obtidos a través de longas e exhaustivas enquisas realizadas no traballo de campo. A continuación, mostramos unha síntese da información xeral que vén a caracterizar o perfil social, económico e cultural das explotacións agrarias familiares de leite en réxime de cooperativa (cadro 1). Os datos amosan unha situación de com-pracencia e incluso certo benestar das familias agrarias investigadas. É moi destacable o feito de que a práctica totalidade viven satisfeitas no medio rural, consideran que a súa situación económica é boa e perciben que pertencen a unha clase social media. Con todo, existen problemas que quedan en evidencia, como son o avellentamento, o choque xeracional, a paralización do mercado da terra, a baixa cualificación, o desinterese dos mozos pola explotación ou o excesivo parcelamento das propiedades. Presentamos os perfís xerais das 325 explotacións familiares da cooperativa Feiraco (cadro 1). Ofrecemos a continuación unha sintética reflexión analítica sobre os seus contidos e significados:

◆ *Características demográficas familiares.* A realidade sociodemográfica é dun avellentamento xeneralizado e de escasa cualificación. As familias cooperativistas son extensas e moi numerosas, e dáse a circunstancia de que chegan a convivir na mesma casa ata tres núcleos familiares, con tres parellas casadas de tres xeracións distintas. Conviven os avós, os pais e os fillos cos seus respectivos cónxuxes e descendentes. Este feito comporta implicacións positivas pero tamén negativas. Desde o punto de vista económico a convivencia interxeracional permite un

alto poder adquisitivo da familia, pois as pensións dos avós e dos familiares dependentes son uns ingresos económicos importantes e ata hai poucos anos descoñecidos no mundo rural. Ademais, no caso dos pensionistas, xubilados ou rendistas doutra índole, eles tamén colaboran, e ás veces duramente, nos traballos propios da explotación agraria. Estamos, pois, ante un problema de mentalidade. Nas longas conversas mantidas coas familias na súa explotación, era frecuente escoitar afirmacións do tipo “*os avós non saben facer outra cousa ca traballar*” e “*se deixan de traballar morren*”. Non podemos xulgar con mentalidade cidadá certos hábitos e mentalidades propias do mundo rural. Así e todo, a convivencia entre xeracións na explotación vólvese negativa cando se produce un choque de mentalidades e niveis educativos distintos, actuando ademais coma un freo para a súa expansión e modernización. Son frecuentes os casos nos que os avós e os pais, con escasa cualificación e case sen estudos, adoptan unha posición de inercia herdada e opóñense sistematicamente aos proxectos innovadores dos fillos e dos membros máis novos da familia. Son frecuentes afirmacións como “*para min é suficiente*”, ou “*para o que me queda de vida*”, etc. O efecto ou consecuencia destes comportamentos conservadores é o de expulsar aos mozos cualificados cara ao traballo asalariado fóra da explotación, principalmente nas cidades e vilas máis próximas.

♦ *Cualificación tecnolóxica. Investimentos.* Existe unha contradición moi nítida en canto aos investimentos, é dicir, en canto ás preferencias e valores que mostran as familias cooperativistas á hora de procurar melloras para a explotación. Todos se preocupan excesivamente por comprar máquinas, incluso compiten familias entre si por ter as máquinas máis modernas e potentes. Porén, non hai preferencias nin interese por investir na cualificación técnica profesional, nin na compra de novas terras, aínda que neste caso o motivo é porque non existen ofertas claras. A situación é que sobran máquinas e falta formación, tanto básica como técnica.

♦ *Características da explotación agraria.* Nos últimos seis anos houbo un importante incremento no número de cabezas de gando por explotación, pasando de 13 vacas no ano 1995 ata as 19 actuais (a media en Galicia é de 14,8 cabezas/explotación no ano 2002 segundo datos do Instituto Galego de Estatística). Son explotacións que producen para vender e que posúen certa orientación e vocación comercial, pois a venda do leite é a principal fonte de ingresos familiar. Predominan aquelas que producen entre 20.000 e 75.000 litros de leite ao ano. En menor medida, venden carne. O policultivo e a práctica do autoconsumo seguen sendo sinais de identidade e mesmo hábitos culturais herdados. O cultivo do binomio millo-patacas, horta, e a cría de gando porcino e aves oriéntase cara ao autoconsumo familiar e mantemento da explotación leiteira.

O minifundio, en canto á dimensión e á extensión de terra traballada pola explotación familiar, segue sendo unha realidade, pero agora con natureza sostible en canto aos beneficios que produce para o sostemento socioeconómico da unidade

familiar. A media de 7,5 ha de superficie agraria útil por explotación amosa un forte incremento respecto ao pasado inmediato. A comarca da Barcala foi pioneira na década de 1950-60 na concentración parcelaria e hoxe en día xa se está pedindo unha nova concentración. O problema estrutural é o excesivo parcelamento da propiedade, cunha media de catorce parcelas por explotación, o que non facilita a modernización e a utilización eficiente das maquinarias agrícolas. Un dato positivo é que as parcelas sempre se localizan, agás en raras excepcións, nun raio de dous quilómetros respecto á casa-vivenda, e sempre na mesma parroquia.

◆ *Economía. Produtividade.* A economía das familias cooperativistas é claramente de natureza mixta ou simbiótica. A principal fonte de ingresos é a venda de leite, pero en tres de cada catro casos cobran algún tipo de pensión, e unha de cada cinco familias teñen membros con emprego asalariados fóra da explotación. Todo isto se complementa con rendementos en especie da práctica dunha agricultura familiar de autoconsumo. A produtividade da unidade familiar, que tamén é a unidade de produción, consegue valores importantes, moi distintos e incluso superiores aos do mundo rural tradicional produtivista de décadas anteriores. Outro dato importante é que entre os membros das familias cooperativistas case non hai parados. Observamos que se require unha investigación monográfica sobre a economía e produtividade das explotacións familiares que permita aproximarnos ao coñecemento das rendas obtidas por todas as actividades agrarias, á cuantificación das rendas de autoconsumo e das procedentes de fontes alleas como o traballo asalariado fóra da explotación ou das derivadas dos sistemas de pensións. Con todo, a dita investigación económica garda serias dificultades, pois nas entrevistas podemos comprobar unha tendencia cara á ocultación da dita información, polo que se constitúen nun reto que hai que conseguir nunha próxima investigación especializada.

◆ *Estilo de vida. Organización do traballo.* A organización do traballo na explotación peca de fortes desequilibrios en canto ao reparto de cargas entre homes e mulleres. Os datos reflicten unha posición cómoda para os varóns, pois a metade dos homes adultos cabezas de familia traballan fóra da explotación, mentres que lles corresponde ás mulleres, nais e avoas, gran parte dos labores da explotación, ademais do coidado da casa e dos fillos. Nas entrevistas realizadas ao pé das explotacións podemos comprobar como eran frecuentes os casos nos que os homes tiñan especial interese e preocupación pola dotación e manexo da maquinaria en oposición ao rol das mulleres que amosaban unha especial preocupación polos problemas e polo futuro da explotación e dos fillos.

En canto á participación dos fillos nos labores da explotación, existe unha situación xeneralizada de colaboración case marxinal. Os fillos, en xeral, están ocupados nos estudos ou en traballos fóra da explotación. Soamente o 5% traballa nas explotacións das familias respectivas a tempo completo. Ademais, non existen can-

les de substitución xeracionais adecuados que permitan orientar a vida laboral dos máis novos cara á explotación agraria familiar. O conservadorismo das xeracións maduras que actualmente están á fronte da explotación actúa como freo para calquera intento de cambio auspiciado polos membros máis novos da familia. O resultado é que a xente nova renuncia ao traballo na explotación e orientan a súa vida laboral cara a fóra, esencialmente cara aos sectores de servizos ou da construción.

◆ *Características das vivendas.* As condicións de vida en canto ás vivendas son aceptables. En xeral as vivendas das familias cooperativistas son amplas e con espazo suficiente e maioritariamente con máis de 25 anos. Son habituais as rehabilitacións de vivendas rurais tradicionais, ás veces esteticamente pouco favorecidas, e a construción de casas novas nas inmediacións ou anexas ás antigas.

Todas dispoñen dos aparellos domésticos fundamentais e dotación de auga corrente, luz e teléfono. Destaca a escasa presenza de sistemas de calefacción central, soamente o 25% dos fogares, pois non se percibe como unha necesidade. O habitual son os sistemas de calefacción a base de cociñas, lareiras, chemineas localizadas na cociña que segue a ser o lugar máis frecuentado pola familia. A cociña cumpre as funcións de cociña, comedor, salón de reunión e televisión e lugar de estudo ou de estar dos anciáns e dos mozos. Estes son os hábitos de vida herdados do pasado. Ao respecto dos ordenadores, están escasamente presentes, en tan só o 9% dos fogares.

◆ *Reproducción social. Futuro. Emigración.* As familias cooperativistas están moi satisfeitas por vivir no medio rural, e considéranse a si mesmas de clase media e cunha situación económica boa. Estes son indicadores moi positivos e aseguran unha viabilidade social e económica da agricultura familiar cooperativa. Os máis novos teñen unha cualificación profesional e educativa maior ca os adultos e anciáns, e incluso o 10% das familias teñen fillos estudando na universidade. En canto á cualificación, parece que de producirse o relevo xeracional á fronte das explotacións, este repercutiría en novos estilos de vida e na modernización propiciada pola xente nova máis preparada.

A emigración está paralizada e a emigración de retorno é excepcional, o que indica o cambio social e económico experimentado nas últimas décadas. A cooperativa Feiraco e o medio rural en Galicia superaron os desequilibrios que había entre recursos económicos dispoñibles e efectivos demográficos dependentes. Na actualidade o problema é o avellentamento da poboación rural e o choque xeracional e cultural entre os adultos e persoas maiores escasamente cualificadas e a xente nova con estudos. O inmovilismo dos primeiros actúa como resistencia ao cambio e obstaculiza a modernización e os procesos innovadores de carácter emprendedor. O resultado é que se produce unha fuxida de xente nova que prefire o traballo asalariado fóra da explotación, principalmente nas cidades e vilas máis próximas. Dáse a circunstancia de que ás veces os mozos prefiren gañar moito menos como em-

pregados asalariados da construción ou da hostalería, antes que quedar na “casa” e traballar na explotación familiar. A mentalidade emprendedora empresarial nunca chegará ás explotacións familiares cooperativistas mentres non sexa superado o grave problema xeracional suscitado.

En canto ás expectativas de futuro, detectamos unha clara actitude favorable á concentración parcelaria, que consideran insuficiente. Hai un sentimento xeneralizado de que é precisa a concentración das parcelas que xa foron concentradas alá polos anos cincuenta. Tamén detectamos unha vocación comercial e a preocupación polo prezo do leite e as súas oscilacións.

♦ *Valoración das políticas agrarias.* As familias cooperativistas valoran as políticas agrarias de orientación produtivista e que inciden directamente sobre as súas actividades. Ven positiva a concentración parcelaria, a cota láctea como unha garantía e a repoboación forestal. Foron frecuentes os comentarios de que o sistema de cotas á produción era un aval ante as entidades de crédito.

Tamén valoraron, en menor medida, as políticas contra os incendios forestais, as xubilacións anticipadas, os créditos a baixo interese e as axudas ao cooperativismo. Déronlles escasa valoración ás políticas rurais de diversificación funcional. Non valoraron o turismo rural nin se mostraron interesados nel. Observamos que descoñecen, en xeral, qué é o turismo rural e as súas posibilidades económicas.

♦ *Vida social e comunitaria.* A vida social e comunitaria é realmente moi pobre entre as familias cooperativistas. As actividades de ocio e descanso na fin de semana son moi escasas, destacando a visita á familia e a asistencia a misa. As vacacións son verdadeiramente testemuñais. Son frecuentes comentarios como os de “os animais comen todo o ano” ou “os animais non teñen vacacións”. Dáse unha estreita relación afectiva entre os propietarios da explotación e os “animais”, crenndo que a súa dedicación debe ser continua e que se eles faltan os “animais” están perdidos. Adoptan unha actitude de desconfianza e non cren que haxa alguén capaz de substituílos á fronte da explotación. Sen dúbida, estamos ante inercias culturais herdadas dos sistemas agrarios tradicionais.

Por outra parte, as relacións comunitarias e asociativas practicamente non existen. A inmensa maioría dos membros das familias cooperativistas non participan en ningún tipo de asociación e só o 3% participa en Feiraco. Parece moi urxente a necesidade de promover e dinamizar a vida social e comunitaria, así como fomentar sistemas de valores que primen o descanso e o lecer.

♦ *Sistema de herdanza.* Os sistemas de herdanza son percibidos como un verdadeiro problema. A información obtida mostra confusión, ocultación e contradicións. A inmensa maioría preferiron non opinar, e os que accederon non mostraron claramente preferencias polo sistema de “mellora”. Os datos poñen en evidencia de novo os problemas xeracionais e as resistencias creadas pola presenza da familia extensa convivindo na explotación e no mesmo teito. As aspiracións individuais

ante a herdanza crean tensións latentes na familia e na explotación, e unha profunda crise de valores tradicionais. Ademais, as aspiracións de conseguir sistemas igualitarios chocan frontalmente coas necesidades de concentración parcelaria e re-dimensión das explotacións.

◆ *Cambios nas explotacións 1996-2000.* Os datos reafirman a tendencia apuntada de excesivo investimento en maquinaria. Tamén evidencian unha preocupación por incrementar o número de cabezas de gando. Un dato importante é que un 98% das explotacións agrarias familiares cooperativistas incrementaron o número de cabezas de gando nos últimos cinco anos, amosando unha indubidable vitalidade social e económica.

### Cadro 1.- Cadros síntese dos resultados da enquisa

<p>1. <i>Características demográficas familiares:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As familias adoitan estar compostas por unha media de 5 membros.</li> <li>• Moi baixa natalidade (4,2). Non hai relevo xeracional na explotación familiar.</li> <li>• Poboación con claros síntomas de avellentamento. O 26% dos homes e o 35% das mulleres teñen 60 ou máis anos. Só un 3% da poboación ten menos de 5 anos.</li> <li>• Escasa cualificación dos titulares das explotacións. O 92% dos maiores de 55 anos non teñen estudos. Só o 2% da poboación cooperativista son titulados universitarios.</li> <li>• Os mozos teñen maior cualificación pero non traballan na explotación.</li> <li>• Non hai parados nas familias agrarias. A taxa de paro é moi baixa (4,7).</li> </ul> <p>2. <i>Cualificación tecnolóxica. Investimentos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Interese preferente polos investimentos en máquinas (100%), sementes (94%) e forraxes (97%).</li> <li>• Pouco interese por investir na cualificación técnica persoal.</li> <li>• Pouco interese por investir en mercar novas terras (26%).</li> </ul> <p>3. <i>Características da explotación agraria:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Media de 19 vacas por explotación. Orientación comercial. Venda de leite e carne.</li> <li>• Prácticas de autoconsumo. Cultivo millo-patacas e crianza de gando porcino (93%) e de aves (98%).</li> <li>• Media de 7,5 ha en propiedade por explotación, divididas nunha media de 14 parcelas.</li> <li>• A localización das parcelas é na mesma parroquia, nun raio duns 2 quilómetros con respecto á media.</li> <li>• O 59% das explotacións posúen entre 2 e 10 hectáreas de monte, cunha media de 13 parcelas por explotación.</li> <li>• O 42% das explotacións traballan unha superficie media de 2 hectáreas de terras que non son da súa propiedade.</li> <li>• Predominan as explotacións que producen entre 20.000 e 75.000 litros de leite/ano (52%).</li> </ul> <p>4. <i>Satisfacción:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O 77% das familias cooperativistas teñen como principal fonte de ingresos a venda de leite.</li> <li>• Un 20% das familias teñen ingresos procedentes de empregos asalariados na industria ou servizos.</li> <li>• Un 68% das familias teñen ingresos procedentes de pensións ou subsidios.</li> </ul> <p>5. <i>Estilo de vida. Organización do traballo:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Forte carga de traballo das mulleres (nais e avoas).</li> <li>• As mulleres ocúpanse maioritariamente do traballo na explotación (95%) e dos labores da casa-vivenda (98%).</li> <li>• A metade dos homes adultos cabeza de familia traballan fóra da explotación agraria.</li> <li>• Só o 5% dos fillos traballan na explotación a tempo completo.</li> </ul>
---

**Cadro 1 (continuación).- Cadros síntese dos resultados da enquisa**

<p>6. <i>Características das vivendas:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As vivendas son amplas e maioritariamente con máis de 25 anos (77%).</li> <li>• Unha gran parte (90%) conta con dotacións de servizos fundamentais (auga, luz, aparellos domésticos básicos, teléfono).</li> <li>• Escasa presenza da calefacción (só no 25% dos fogares).</li> <li>• Escasa presenza de ordenadores (só no 9% dos fogares).</li> </ul> <p>7. <i>Reproducción social. Futuro. Emigración:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Alta satisfacción por vivir no medio rural (91%).</li> <li>• Perciben que a súa situación económica é boa (94%) e considéranse de clase media (97%).</li> <li>• A cualificación de cara ao futuro: 10% teñen fillos na universidade.</li> <li>• A emigración está paralizada. Entre 1996 e 2000 só houbo emigrantes no 2% das familias cooperativistas.</li> <li>• A emigración de retorno é excepcional. Entre 1996 e 2000 só houbo emigrantes retornados no 2% das familias cooperativistas.</li> <li>• A media de fillos é de 1,5.</li> <li>• Perciben como problemas para a explotación: un 67% o baixo prezo do leite e un 32% a falla de concentración parcelaria.</li> </ul> <p>8. <i>Valoración políticas agrarias:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoran como moi positiva: a concentración parcelaria, a cota láctea e a repoboación forestal.</li> <li>• Valoran como positiva: a política contra o lume, as nubilacións anticipadas, os créditos a baixo interese e as axudas ao cooperativismo.</li> <li>• Escasa valoración sobre o fomento do turismo rural.</li> </ul> <p>9. <i>Vida social e comunitaria:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• En xeral os cooperativistas e as súas familias non participan en ningún tipo de asociación. Só o 3% participa nas actividades da cooperativa.</li> <li>• Os períodos de vacacións son excepcionais na maioría das familias cooperativistas. Só o 17% goza de vacacións.</li> <li>• Escasas actividades de ocio e descanso nas fins de semana. Destacan as visitas á familia.</li> </ul> <p>10. <i>Sistemas de herdanza:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Percepción de problemas. O 97% oculta a información e son frecuentes as contradicións.</li> <li>• A metade da poboación é contraria ao sistema de "mellora".</li> </ul> <p>11. <i>Cambios máis importantes nos últimos 5 anos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Compra maquinaria (33%).</li> <li>• Construción de cortes (18%).</li> <li>• Compra de máis gando (13%).</li> <li>• Só o 2% das explotacións cooperativistas reduciron o número de cabezas de gando.</li> </ul>
---

## 5. CONCLUSIÓNS

En suma, o minifundio sostible e a agricultura familiar cooperativista poden conformar un novo escenario para a economía rural galega no contexto da nova Política Agraria Común europea e a globalización. O minifundio tradicional de autoconsumo primitivo xa non existe en Galicia, pero debemos chegar a considerar as súas valoracións culturais e prácticas económicas positivas que poden chegar a adaptarse ao mundo actual, como poden ser o respecto aos animais, a alimentación natural do gando, a práctica da policultura ou o equilibrio ecolóxico do home co

medio. Consideramos que o concepto de minifundio debe ser reformulado. A nosa investigación pretende demostrar que o minifundio pode ser sostible, a partir da modernización e cualificación das explotacións agrarias familiares en réxime de cooperativa. Para isto é preciso valorar e reflexionar criticamente sobre as características e perfís sociais, económicos e culturais das pequenas explotacións agrarias familiares no contexto das políticas de desenvolvemento rural multifuncional. A investigación do caso levada a cabo na cooperativa Feiraco en Galicia demostra o éxito e viabilidade económica dunha cooperativa de familias agrarias gandeiras, pero existen graves problemas e deficiencias que se deben afrontar. A nosa proposta, segundo as técnicas de investigación DAFO, é dicir, segundo a detección das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades, presentámolas en táboas síntese e ideas-forza (cadro 2). É necesario definir un “*Limiar de Produtividade*” para o minifundio sostible que asegure a calidade de vida das familias rurais e conserve o seu estilo de vida e práctica cultural herdada, actividade á que lle estamos dedicando os esforzos dunha nova investigación que estamos levando a cabo entre os socios cooperativistas de Feiraco e que proximamente dará resultados.

**Cadro 2.-** Minifundio sostible e agricultura familiar ecolóxica nun réxime cooperativista. Perfil social, económico e cultural no caso de Feiraco (Galicia)

DEBILIDADES	FORTALEZAS
1) Baixa natalidade 2) Os mozos abandonan a explotación 3) O tempo dedicado ao lecer é moi escaso 4) Carencias serias na formación da man de obra 5) Mercado de terras moi pasivo 6) Explotacións moi fragmentadas en pequenas parcelas 7) As medidas encamiñadas á concentración parcelaria presentan problemas e son pouco dinámicas 8) O prezo do leite é moi baixo 9) As mulleres teñen unha carga excesiva de traballo 10) Non existe relevo xeracional 11) A maior parte das vivendas non están equipadas co servizo de calefacción	1) Escasa incidencia do paro entre os cooperativistas 2) Os mozos están ben cualificados, accedendo moitos deles a estudos universitarios 3) As vivendas non presentan fallos estruturais e dispoñen dos principais servizos de confort 4) Existe una gran satisfacción pola vida no medio rural 5) A mecanización e os adiantos técnicos son prioritarios nas explotacións 6) O aumento da oferta de traballo e a mellor calidade de vida están freando a emigración 7) As economías familiares medran cos ingresos procedentes doutras actividades alleas á agricultura, principalmente do sector servizos e da construción
NECESIDADES	OPORTUNIDADES
1) Desenvolver programas que melloren a cualificación dos traballadores. Plans de formación continua 2) Introducir pautas e ideas encamiñadas a fomentar un novo estilo de vida que inclúa o tempo de lecer e a participación social 3) Propoñer e ofertar programas de lecer adaptados ás necesidades das familias agrarias 4) Dinamizar o mercado de terras con novas políticas e propostas 5) Axilizar os procesos de concentración parcelaria 6) Fomentar a visión empresarial emprendedora 7) Fomentar o relevo xeracional á fronte das explotacións, dignificando o traballo ante a percepción dos mozos	1) Evolución económica positiva e ascendente na cooperativa 2) Identificación da poboación co medio no que desenvolven as súas actividades 3) Percepción moi positiva respecto á calidade de vida que gozan 4) Desenvolvemento dunha agricultura ecolóxica en auxe fronte aos procesos de produción masiva 5) Desenvolvemento das políticas de diversificación multifuncional no medio rural impulsadas pola PAC

Unha reflexión desde un punto de vista histórico permite afirmar que as comarcas onde desenvolve a súa actividade a cooperativa Feiraco experimentaron un gran cambio socioeconómico no período 1970-2000. A modernización técnica, a instauración dun sistema agrario de mercado, a emigración do excedente demográfico cara ás cidades, a concentración parcelaria e un sistema de cotas lácteas racionalizaron, en boa medida, o sector agropecuario e a vida en xeral nun medio rural netamente minifundista.

Agora, a comezos do século XXI, despuntan novos retos e posibilidades. Feiraco, como sociedade cooperativa de familias rurais produtoras de leite, conseguiu un éxito indiscutible e exerce de motor de cambio e transformación socioeconómica na súa área de influencia, pero actualmente aparecen novos retos e imponse a necesidade de promover o “*cambio sobre o cambio*”. É necesario tomar conciencia sobre os seguintes problemas:


- 1) O *avellentamento demográfico* da poboación de Feiraco. A natalidade é moi baixa, por debaixo da media de Galicia, e isto comporta graves problemas de futuro e viabilidade para as actividades produtivas.
- 2) O *enfrentamento xeracional* nas explotacións. Os máis novos, con maior nivel cultural e máis cualificados, abandonan a explotación polo emprego asalariado na cidade. Existen resistencias culturais dos adultos vellos a cambiar hábitos e estilos de vida herdados do pasado. A práctica inexistencia do tempo de lecer actúa como factor de rexeitamento ante os ollos dos máis novos.
- 3) A *excesiva división da propiedade da terra* en numerosas parcelas e a paralización do seu mercado. Imponse a necesidade de facer a “*concentración da concentración*” e de incentivar a compravenda de parcelas.
- 4) A *excesiva carga de traballo das mulleres*, que asumen os traballos na explotación e o coidado da casa e da familia, ademais da educación dos fillos. A súa situación é preocupante nun contexto cultural tradicional con grandes inercias herdadas do pasado moi difíciles de vencer.

Así e todo, existen aspectos positivos de indubidable valor (figura 2). Actualmente nas familias cooperativistas de Feiraco apenas existe paro, consideran que a súa situación socioeconómica é boa e móstranse satisfeitos por vivir no medio rural. Desapareceron os anhelos pasados por marchar a vivir ás cidades e a emigración está practicamente paralizada, dándose a circunstancia de que a fluidez nas comunicacións e a rapidez dos transportes permiten movementos diarios de ida e retorno ás cidades e vilas para estudar, traballar, comprar ou xestionar. Todas estas son características moi distintas ás que existían na década de 1960-70 e débennos levar a reflexionar sobre o significado dun novo mundo rural emerxente.

A multifuncionalidade rural que promove a nova Política Agraria Común europea pode encaixar ben no tradicional sistema de pluriactividade produtiva das fa-

milias agrarias cooperativistas. Estas familias contan con recursos humanos interxeracionais suficientes para emprender novas actividades produtivas no medio rural, pero necesitan formación específica, orientación e incentivos. O fomento da visión empresarial e emprendedora entre a xente nova resulta estratéxica de cara ao futuro desenvolvemento da cooperativa. Ademais, a práctica e posta en valor dunha agricultura ecolóxica respectuosa co medio, que rexeite a agricultura capitalista industrial, de produción masiva ao menor custo, tamén se identifica cos sistemas de agricultura familiar tradicional, que practicada historicamente posúe principios e valores culturais favorecedores do equilibrio entre o home e a natureza. O trato que reciben os animais en coidados e atencións é de respecto á súa condición, fronte á concepción industrial de simples axentes produtores da agricultura capitalista.

**Figura 2.-** Realidades económicas e socioculturais do agro galego



En definitiva, o éxito de Feiraco como sociedade cooperativa de pequenos produtores de leite é indiscutible. Conforma un modelo empresarial de agricultura cooperativa de pequenos propietarios de gran valor social, económico e cultural para Galicia, e demostra que o esforzo conxunto de todas as familias rurais de pequenos propietarios pode resultar rendible empresarialmente e sostible ecolóxica e culturalmente. O destacado complexo agrario minifundista de Galicia debe de ser

reconceptualizado a partir de experiencias socioempresariais como a de Feiraco. Hoxe en día a sustentación do minifundio, definido como un sistema de agricultura familiar de pequenos propietarios, debe ser entendida como un estilo de vida de características culturais propias que debemos respectar e valorar no contexto da uniformación cultural que promove a globalización, que asegura a súa viabilidade económica, frea a emigración do campo cara á cidade e harmoniza o tradicional equilibrio do campesiño e da súa familia co medio xeográfico natural no que se insire.

## ANEXO

### MODELO DE ENQUISA PARA PEQUENOS PRODUCTORES DE LEITE DE GALICIA

#### 1. Datos informante:

Nome..... Enderezo.....  
 Teléfono..... Ano alta socio cooperativa .....

#### 2. Características demográficas familiares: (Ordenar de maior a menor idade)

Idade	Ocupación	Sexo	Nivel estudos	Estado civil
1.....				
2.....				
3.....				
4.....				
5.....				

#### 3. Cualificación tecnolóxica. Inversións e innovacións nos últimos 5 anos. ¿En que investiron os cartos? (subliñar o que proceda)

1. Maquinaria agrícola:	Si	Non	
Tractor			
Corte			
Tanque refrixeración leite			
Outros ¿o que? .....			
2. Compra coche	Si	Non	
3. Traída auga potable	Si	Non	
4. Compra terra	Si	Non	Labradio.....ha Monte.....ha
5. Educación fillos	Si	Non	
6. Compra fertilizantes	Si	Non	kg/mes.....
7. Mellora xenética gando	Si	Non	
8. Compra sementes	Si	Non	
9. Compra casa-vivenda	Si	Non	Superficie m <sup>2</sup> .....
10. Construción vivenda	Si	Non	Superficie m <sup>2</sup> .....
11. Mellora vivenda	Si	Non	¿Que mellorou?.....
12. Producción forraxes-ensilado	Si	Non	
13. Sistema extracción leite	Si	Non	Tipo: a man a máquina

4. *Explotación agraria*

1. Clase e número cabezas gando vacún:

- Frisona Si Non N° cabezas.....
- País-autóctona Si Non N° cabezas.....
- Outras Si Non Clase e n° cabezas.....

2. Outros animais (indicar especie e nº).....

3. Sistema explotación gandeira:

- En corte Si Non
- Ceibas Si Non ¿Cantas horas/día? .....

4. Superficie agraria útil (labradío) (ha)..... N° parcelas.....

5. Superficie forestal (monte) (ha)..... N° parcelas.....

6. Distancia en km da casa ata a parcela máis afastada:

De labradío.....km De monte.....km

7. Localización das parcelas por parroquias (sinalar nome da parroquia e nº de parcelas)

De labradío.....

De monte.....

8. Produción litros leite/ano.....

9. Cultivos agrícolas (subliñar o que proceda)

- |         |       |         |          |        |
|---------|-------|---------|----------|--------|
| Patacas | Millo | Centeo  | Trigo    | Cebada |
| Fabas   | Nabos | Froitas | Vide-uva |        |

Outros. ¿Cales?.....

10. ¿Que produtos da explotación destina á venda?.....

11. ¿Que produtos da explotación destina ao autoconsumo familiar?.....

12. ¿É propietario de terras? Si Non Superficie en ha.....

13. ¿Traballa terras que non son da súa propiedade? Si Non Superficie en ha.....

14. ¿Dedica algunha parcela ou terra da súa propiedade a actividades que non son agrícolas, gandeiras ou de aproveitamento forestal? Si Non

En caso afirmativo, sinala a que tipo de actividade.....

5. *Economía-Productividade*

1. ¿De que vive a familia? (subliñar todo o que proceda)

- |             |                    |                   |                    |
|-------------|--------------------|-------------------|--------------------|
| Venda leite | Emprego asalariado | Traballo temporal | Pensións-subsidios |
|-------------|--------------------|-------------------|--------------------|

Outros. ¿Cales?.....

2. ¿Cal é a principal fonte de ingresos da familia?.....

3. N° anos que leva o xefe da explotación como agricultor.....

6. *Estilo de vida. Organización do traballo da familia*

1. ¿Que membros da familia traballan a tempo completo na explotación agraria? (subliñar o que proceda)

Pai Nai Avó Avoa Fillo Filla Outros. ¿Quen?.....

2. ¿Que membros da familia traballan fóra da explotación agraria? (subliñar o que proceda)

Pai Nai Avó Avoa Fillo Filla Outros. ¿Quen?.....

¿Onde?..... ¿De que?.....

¿Colaboran no labor da explotación? Si Non ¿En que colaboran?.....

3. ¿Familiares con traballo a tempo parcial fóra da explotación? Si Non  
 -Número.....  
 -¿Que tipo de traballo realizan?.....  
 -Canto tempo traballan a tempo parcial ao día?.....  
 -Traballan tamén na explotación Si Non Horas/día.....  
 4. ¿Hai estudantes na familia? Si Non  
 En caso afirmativo, ¿colaboran nos labores da explotación agraria? Si Non  
 ¿En que colaboran?.....  
 5. ¿A que se dedican as mulleres da familia? (sinalar todo o que corresponda)  
 -Á casa e ao coidado dos nenos Si Non  
 -Estudan Si Non  
 -Na explotación Si Non ¿Que actividades realizan?.....  
 -Outras. ¿Cales?.....

7. *Benestar e vivenda*

1. Ano construción vivenda Si Non Superficie m<sup>2</sup>.....  
 2. Características vivenda:  
 -Nº dormitorios.....  
 -Cuartos de baño Si Non Nº.....  
 -Cuarto de estar Si Non Nº.....  
 -Cuarto de estudo Si Non  
 3. ¿Ten lavadora? Si Non  
 4. ¿Ten TV en color? Si Non  
 5. ¿Ten frigorífico? Si Non  
 6. ¿Ten calefacción? Si Non  
 7. ¿Ten auga corrente? Si Non Tipo: Privada Municipal Veciños  
 8. ¿Ten teléfono?  
 9. ¿Ten microondas? Si Non  
 10. ¿Ten baño? Si Non  
 11. ¿Ten ducha? Si Non  
 12. ¿Ten auga quente? Si Non  
 13. ¿Ten ordenador? Si Non Internet: Si Non  
 14. ¿Ten automóbil? Si Non ¿Cantos?.....  
 15. ¿Ten motocicleta? Si Non ¿Cantas?.....  
 16. ¿Ten bicicleta? Si Non ¿Cantas?.....  
 17. ¿Ten vídeo? Si Non  
 18. ¿Ten equipo de música? Si Non

8. *Reproducción social. Expectativas de futuro. Mobilidade. Emigración*

1. ¿Gústalle á familia a vida no medio rural? Si Non ¿Por que?.....  
 2. ¿Gustaríalle á familia irse vivir á cidade? Si Non ¿Por que?.....  
 3. ¿En que clase social situaría a súa familia? (subliñar o que proceda)  
 Alta Media alta Media Media baixa Baixa  
 4. ¿Situación económica da familia? (subliñar o que proceda)  
 Moi boa Boa Nin boa-nin mala Mala Moi mala

5. ¿Ten nenos na casa? Si Non ¿Cantos?.....  
 ¿Onde van á escola?..... Distancia en km casa-escola.....  
 ¿Que medio de transporte utilizan?.....  
 6. ¿Teñen algún estudante na universidade? Si Non ¿Cantos?.....  
 ¿Que estudan?..... Distancia en km casa-universidade.....  
 ¿Que medio de transporte utilizan?.....  
 7. ¿Algún membro da familia traballa fóra da ex- Si Non N°.....  
 plotación?  
 ¿De que?..... Distancia en km casa-traballo.....  
 ¿Que medio de transporte utilizan?.....  
 8. ¿Emigrantes na familia durante os últimos 5 Si Non N°.....  
 anos?  
 ¿A onde?..... Tipo traballo no seu lugar de acollida?.....  
 9. ¿Emigrantes retornados na familia durante os Si Non N°.....  
 últimos 5 anos?  
 ¿De onde?..... ¿Que fan?.....  
 10. Sinale os problemas que ten a explotación agraria familiar enumerándoos por orde de  
 importancia  
 -Falta concentración parcelaria.....  
 -Baixo prezo do leite.....  
 -Fallos subministración eléctrica.....  
 -Outros. ¿Cales?.....

9. *Valoración políticas agrarias ou rurais que lles afectan (subliñar nota 1 a 5)*

1. Concentración parcelaria	1	2	3	4	5
2. Cotas lácteas	1	2	3	4	5
3. Incendios	1	2	3	4	5
4. Xubilación anticipada	1	2	3	4	5
5. Créditos baixo interese	1	2	3	4	5
6. Turismo rural	1	2	3	4	5
7. Axudas cooperativismo	1	2	3	4	5
8. Repoboación forestal	1	2	3	4	5

10. *Vida social e comunitaria. Ocio*

1. ¿Algún membro da familia participa en asociacións culturais, políticas ou doutra nature-  
 za? Si Non ¿Cantos?.....  
 ¿En cales?.....  
 2. ¿Toma algún membro da familia vacacións durante algún período do ano?  
 Si Non ¿Cantos?.....  
 En caso afirmativo, ¿que fan durante as vacacións?.....  
 3. ¿Participa o xefe da explotación ou algún membro da familia nas actividades e/ou na  
 xestión da cooperativa, sociedade agraria, sindicato ou outro?  
 Si Non ¿En cal?.....  
 ¿Que actividades concretamente realiza ou en cales participa?.....  
 4. ¿Que fai a familia os domingos?.....  
 5. ¿En que pasan o tempo libre os membros máis novos da familia?.....

11. *Sistemas de herdanza. Como se organiza a herdanza da explotación*
- Sistema de “mellora” Si Non  
En caso afirmativo, explicar como e quen é ou pode ser o mellorado (indicar idade, parentesco e sexo).....
  - Sistema de reparto igualitario a todos os fillos Si Non  
En caso afirmativo, indicar por que.....
  - Sistema intermedio entre mellora e reparto igualitario Si Non  
En caso afirmativo indicar como e por que .....
12. *Indique o cambio ou cambios que experimentou a súa explotación agraria nos últimos 5 anos .....*
13. *Indique a compra máis importante que tivo lugar na súa explotación durante os últimos 5 anos.....*

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, J.A.; LIÑARES GIRAUT, X.A.; LÓPEZ CACHAZA, M.L. (1987): *Feiraco: una cooperativa agraria gallega ante la Comunidad Económica Europea*. Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Xeografía e Historia.
- BEIRAS TORRADO, X.M. (1981): *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et interpretation d'un vieux complexe agrarie*. La Roche Sur Yon.
- BESANÇON, S.; CHEVASSUS, E. (1984): *Quel avenir pour le minifundisme galicien?: les exploitations laitières de la Comarca de Negreira face a l'entree de L'Espagne dans la CEE*. (Documento fotocopiado). INAPG, ENSAM.
- CRECENTE MASEDA, R.; ÁLVAREZ LÓPEZ, C. (2000): “Una revisión de la concentración parcelaria en Europa”, *Estudios Agrosociales y Pesqueros*, núm. 187, pp. 221-274.
- COVAS RIVEIRO, C. (1989): *Origen y evolución de una cooperativa de campo. Feiraco*. Santiago de Compostela.
- ESCUELA DE ENSEÑANZA SOCIAL DE GALICIA (1982): *Evolución socio-económica y cambio social en la comarca de A Barcala*. (Documento fotocopiado). Santiago de Compostela.
- EVANS, N.; MORRIS, C.; WINTER, M. (2002): “Conceptualizing Agriculture: A Critique of Post-productivism as the New Orthodoxy”, *Progress in Human Geography* 26, 3, pp. 313-332.
- ETXEZARRETA, M. [dir.] (1985): *La agricultura insuficiente: la agricultura a tiempo parcial en España*. Madrid: Instituto de Estudios Agrarios, Pesqueros y Alimentarios.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1995): “O dominio da explotación agraria familiar na Galicia contemporánea”, en X.A. Liñares [ed.]: *Feiraco e o Val de Barcala*, pp. 143-149. Santiago de Compostela: Feiraco.
- FERRÁS SEXTO, C. (1996): *Cambio rural na Europa atlántica. Os casos de Galicia e Irlanda 1970-1990*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela.
- FERRÁS SEXTO, C. (2000): “Counterurbanization and Common Agricultural Policy. Implications for the Galician Country”, *Internacional Colloquium New Urban and New Rural Pattern*. Estrasburgo: Consello de Europa, Asamblea Parlamentaria.

- FERRÁS SEXTO, C.; FUMEGA PIÑEIRO, F.X. (1989): *Negreira, xénese, forma e función*, (Premio de Investigación Histórica Vila de Negreira). Negreira.
- FERRÁS SEXTO, C.; GARCÍA VÁZQUEZ, Y.; MACÍA ARCE, C.; GARCÍA VÁZQUEZ, P.: “Un novo escenario para a economía galega. Minifundio sostible e agricultura familiar ecolóxica: análise de caso da cooperativa Feiraco”, *II Congreso de Economía de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, J. (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*. Madrid: Siglo XXI.
- GARCÍA PASCUAL, F. [coord.] (2001): *El mundo rural en la era de la globalización: incertidumbres y potencialidades*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación / Universitat de Lleida.
- IDEGA (2001): Conclusións do *IV Coloquio Hispano-Portugués de Estudios Rurais*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. (Na páxina [www.usc.es/idega](http://www.usc.es/idega)).
- LIÑARES GIRAUT, A. [ed.] (1995): *Feiraco vinte cinco anos. Un modelo de agroindustria cooperativa*, t. I e II. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ ANDIÓN, X.M. (1992): *Estructura agraria y economía rural en la Galicia interior. La Tierra Chá y el centro de la meseta lucense*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (1996): *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*. Madrid: MAPA.
- LÓPEZ IGLESIAS, E.; SINEIRO GARCÍA, F.; VALDÉS PAZOS, B. (2002): “Relación entre las características familiares y productivas de las explotaciones de bovino gallegas”, *Seminario de la Asociación Española de Economía Agraria «El sector lácteo español»*. (Na páxina [www.usc.es/idega/reseminario.html](http://www.usc.es/idega/reseminario.html)).
- O’FLANAGAN, P. (1996): *Xeografía histórica de Galicia*. Vigo: Xerais.
- POSE ANTELO, X.M. (1995): “Os primeiros cen anos de cooperativismo europeo: significación histórica, política, económica e social”, en X.A. Liñares Giraut [ed.]: *Feiraco e o Val da Barcala. Un camiño de progreso*, pp. 36-40. Santiago de Compostela: Feiraco.
- PRESIDENCIA DEL SENADO (2000): “Informe de la comisión especial para el estudio de los problemas del medio rural”, *Estudios Agrosociales y Pesqueros*, núm. 187, pp. 277-332.
- RIBAS, A.; FLORES, G.; LÓPEZ GARRIDO, C. (2003): *A eficiencia técnica das explotacións leiteiras na comarca interior da provincia de A Coruña. Influencia da conentración parcelaria*. (Documentos de Trabajo, 16). Universidade de Santiago de Compostela, Idega.
- ROSSET, P. ET AL. (1990): *Agroecology*. Nova York: McGraw-Hill.
- ROSSET, P.; LAPPE, F.M.; COLLINS, J. (1998): *World Hunger*. Nova York: Grove Press.
- SNEDDON, CH.S. (2000): “Sustainability in Ecological Economics, Ecology and Livelihoods: A Review”, *Progress in Human Geography*, 24, 4, pp. 521-549.
- TOLEDO, V. (1993): “La racionalidad ecológica de la producción campesina”, en E. Sevilla e M. González [ed.]: *Ecología, campesinado e historia*, pp. 197-218. Madrid: La Piqueta.
- VARELA FRAGA (2002): “Reflexiones sobre la litigiosidad en el medio rural gallego” *Jornada Autonómica de Galicia, Libro Blanco de Agricultura*. (Na páxina [www.libroblancoagricultura.com/libroblanco/jautonomica/galicia/comunicaciones/varela.pdf](http://www.libroblancoagricultura.com/libroblanco/jautonomica/galicia/comunicaciones/varela.pdf)).
- VILLARES PAZ, R. (1996): *Figuras da nación*. Vigo: Xerais.
- VILLARES PAZ, R.; LÓPEZ ANDIÓN, X.M. (1974): *Minifundio*. Gijón: Gran Enciclopedia Galega.